Exercicios de autoavaliación

Unidade 11

1. Cales son os tres grupos dos que se pode falar na poesía do século XX?

2. A que chamamos vangardismo?

3. Cales son as vías que utiliza o Surrealismo para conseguir a liberación integral do ser humano?

4. Cales son as características do Surrealismo ?

5. Cales son algunhas das causas de que a maioría das escritoras non tivesen *nin voz nin voto* na historia da literatura? Explícao coas túas propias palabras.

6. Explica coas túas propias palabras a opinión de Eva Löfquist sobre o predominio da masculinidade sobre a feminidade.

7. Explica a diferenza que propón H. Fernández (texto do apartado 3 da unidade 11) entre o concepto de *visibilidade* e *liberdade* das mulleres, e trata de entender cal dos dous conceptos reclaman sobre todo as escritoras nas súas reivindicacións para procurar a normalidade no sistema.

8. Cal é a situación da sociedade norteamericana na década dos vinte?

9. Cales son os acontecementos que, na década dos trinta, van marcar a fin dunha época?

10. Que comparten os dramaturgos que fan teatro do absurdo?

11. Cales son os elementos que desembocan no teatro do absurdo?

Solucións aos exercicios de autoavaliación da unidade 11

1. Os tres grupos son:

a) Vangardistas: rompen drasticamente coa tradición para percorrer camiños enteiramente novos.

b) Poetas puros: buscando a esencia da poesía na linguaxe mesma, xuntan a herdanza simbolista con algúns achados das vangardas.

c) Poetas existencialistas e poetas sociais: son os que, sen renunciar ás novidades expresivas, utilizan a poesía para expresar a súa angustia interior (existencialista) ou o sentir da colectividade (poetas sociais).

2. Reciben este nome os movementos estéticos que, no primeiro terzo do século XX, intentaron abrir novos camiños á arte e á literatura, á marxe da tradición. Todos eles afirman que a beleza non se pode percibir a través da realidade e das emocións, senón da intelixencia, polo que se afastan da natureza e do home.

3. O Surrealismo utiliza varias vías:

a) Facendo aboiar os seus impulsos reprimidos no inconsciente, o que leva ao desprezo da realidade común para acceder a outra máis auténtica, que está sepultada no fondo da conciencia (Freud).

b) Comprometéndose politicamente para liberalo das inxustizas do sistema capitalista (Marx).

c) Rescatando a linguaxe dos dominios da razón, mediante a escritura automática (o pensamento en bruto, sen ordenar nin rectificar), asociacións libres de palabras, metáforas insólitas, imaxes oníricas, etc. (Dadaísmo, Cubismo).

4. As súas características son:

a) A reivindicación do inconsciente e do soño. O creador é un mero transcritor do inconsciente; a inspiración está por enriba da técnica e a depuración. Así, preténdese expresar a vida auténtica.

b) A introdución nas súas obras de elementos cotiáns, que, ao non deixar intervir a parte consciente, quedan descontextualizados. A crueldade e o humor aparecen tamén como contrapunto a todo tipo de sentimentos.

c) A exaltación vital. Se Marx pretendía cambiar o mundo, os surrealistas agora queren cambiar a vida. Existe unha conciencia social para a resolución dos problemas individuais. Por iso, algúns se comprometen politicamente.

d) A incorporación das teorías freudianas relacionadas co mundo onírico.

5. As razóns fundamentais que apuntan diversos estudos son de tipo sociocultural, que manifestan o predominio tradicional da figura do home sobre o da muller. No fondo, percíbese unha forte oposición de natureza sexual (entre machos e femias) e de xénero (masculino e feminino). [apoia esta resposta coa opinión das distintas investigadoras mencionadas, consulta o apartado 3 da unidade 11].

6. R. Eva Löfquist opina que existen certos puntos de partida que nos axudan a pensar nunha xerarquía na que a muller está por debaixo do home masculino:

- A nena desde cativa está obrigada a manexar a linguaxe do pai (entendendo o pai como *figura institucional do home*)

- O pai (= o home), neste sentido, nomea todo o que existe na esfera pública: as leis, a orde, o comportamento, os roles, as funcións de cada sexo na sociedade.

- A nena vese obrigada a socializarse na linguaxe masculina porque non existe outra alternativa.

- Como seres humanos, todos temos que asumir esa linguaxe que, á súa vez, expresa a linguaxe da diferenza entre o masculino e o feminino.

7. O termo *visibilidade* fai referencia ao fenómeno do recoñecemento do labor da escritora, ao feito de seren as escritoras elementos *visibles* na comunidade literaria (apunta ao dereito de apareceren nos canons literarios, de posuíren a relevancia social merecida, de estaren consideradas nas antoloxías, etc., en definitiva, á *normalidade* do mundo que debería existir entre homes e mulleres).

O termo *liberdade* fai referencia ao feito de as mulleres poderen escribir con liberdade.

Na actualidade, as mulleres poden escribir con total liberdade o que consideren oportuno en cada momento e en cada lugar; o problema xorde cando non se recoñece socialmente o papel da muller escritora. Sobre esta cuestión, as reivindicacións sociais e culturais da figura da muller na literatura apuntan ao concepto de *visibilidade* e non tanto ao de *liberdade*.

8. Na década de 1920, a sociedade norteamericana estaba sumida na súa propia opulencia. En poucos anos, pasara dunha comunidade baseada na autosuficiencia a outra dominada polo consumismo. A prosperidade económica non pode evitar un fondo de inconformismo que se vai forxando nas artes; algúns aprendices de escritores senten a necesidade de buscar outros lugares onde saciar as súas inquedanzas. É entón cando París se converterá en refuxio para os exiliados intelectuais norteamericanos.

9. Na década de 1930, dous acontecementos van marcar a fin, non só dunha década, senón tamén dunha época: a execución dos anarquistas Nicola Sacco e Bartolomeo Vanzetti, e o desequilibrio económico que provocou o *crack* de 1929 e os posteriores anos da Depresión.

10. Todos comparten a falta de sentido da condición humana recorrendo ao abandono do enfoque racional. O seu teatro foi toda unha conmoción polo innovador das súas propostas: ausencia de historia delimitada e concreta, escasa ou nula caracterización dos personaxes, diálogos incoherentes, e a persistencia de soños e pesadelos. Os dramas están baseados na protesta e o paradoxo. Critican a orde social e a condición humana, pero esta protesta parece o berro desesperado do que está atrapado e o sabe, pero está disposto a loitar ata o final.

Con respecto á forma dramática, abandónase a liñalidade cronolóxica; é un teatro de situacións, de imaxes poéticas. A maioría das obras teñen unha estrutura circular, rematan exactamente igual que empezan; outras progresan a través da intensificación da situación inicial.

Prodúcese unha desvalorización da linguaxe; abandónase a lóxica discursiva e asómese a lóxica poética da asociación ou da asonancia.

11. Os elementos que desembocan nese teatro son: o teatro puro de natureza non verbal, coma o circo, os xograres, os acróbatas e o mimo; as cerimonias visuais que conteñen moita teatralidade; o pallaso e as escenas sen sentido do teatro de

Shakespeare, a Comedia da Arte, o *vodevil* e o *music hall*; o cine mudo e os personaxes de Chaplin e Keaton, que representan o estoicismo do home que se enfronta a un mundo mecánico que se lle foi das mans; o absurdo verbal e os disparates verbais ben por medio dos xogos de palabras ou a través do uso satírico e destrutivo dos clixés lingüísticos, unha necesidade de liberarse da lóxica que xa estaba presente na poesía absurda escolástica francesa do século XVII, en Rabelais, Lewis Carroll, Laurence Sterne ou Mark Twain; finalmente, sinalamos a persistencia e preeminencia do onírico, a alegoría e o soño.